

ACTIVIDADES EDLG

-Calendarios de aula Co inicio de curso elaboráronse para todas as aulas da ESO e Bach calendarios coa inclusión de imaxes tradicionais, refráns, etc.

Outubro



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

Luns Segunda feira	Martes Terça feira	Mércores Quarta feira	Xoves Quinta feira	Venres Sexta feira	
	1	2	3	4	
HORA DE LER 2ª hora AV. Inicial 1º Bac.	7	8 AV. Inicial ESO	9 AV. Inicial ESO	10 AV. Inicial ESO	11
HORA DE LER 3ª hora	14	15	16	17	18
HORA DE LER 4ª hora	21	22	23	24	25
HORA DE LER 5ª hora	28	29	30	31 Día do ensino (non lectivo)	



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Equipo de Dinamización da Lingua Galega do

IES Alexandre Bóveda

“outubro chuvioso ano copioso”





-Enchenta Galega: O mércores 23 de setembro realizamos a primeira reunión de principio de curso dirixida a todo o alumnado voluntario para participar e colaborar nas actividades do EDLG.

A partir dese día estamos quedando os luns ás 15 horas no salón de actos.



VOLUNTARIADO DO EDLG!!

Como podes facelo?



Fala coa profesora Rosa Vázquez ou envía un correo a edlgalexandreboveda@gmail.com



Se estás interesad@, acude á reunión o **luns 11 de NOVEMBRO** a mediodía (15H) no **SALÓN DE ACTOS**.
Debes traer asinado o permiso para quedar a comer.



-Obradoiros de música, baile e vestimenta tradicionais. Representantes da asociación folclórica de Vigo “O Fiadeiro” realizaron o mércores 16 de outubro co alumnado de 2º da ESO unha mostra-obradoiro sobre a tradición musical galega.









-Obradoiro de regueifa. Organizado pola Deputación. Dirixido ao alumnado de 3ºESO e ao Club de regueifas. Fixéronse en 2 quendas:

-1º quenda: 7 de Outubro (luns). Con Bieito Lobarinas de 9.30 h a 11.00



-2º quenda: 21 de Outubro (luns). Con Lupe Blanco de 12.00h a 13.30h.



A rapazada escollida para a mostra final estivo ensaiando durante os recreos os días previos á final co club de regueifas e o docente Kike Estévez ao mando.

A mostra final realizouse o venres 8 de novembro de 2024 no Auditorio do CVC de Valadares (Vigo) proclamándose o noso centro subcampión: ([enlace a web do centro](#))

[O IES Alexandre Bóveda subcampión do V Certame Provincial de Regueifas](#)

O IES Alexandre Bóveda subcampión do V Certame Provincial de Regueifas

Na xornada de onte (8/11/24) celebrouse, nun ateigado Auditorio do CVC Valadares, a final do **V Certame Provincial de Regueifas**, ao que chegaron clasificados/das máis de 100 escolares da provincia, que foron escollidos dos obradoiros recibidos no último mes. Dos máis de 20 inscritos/as, só 10 Institutos chegaron á final, vidos de diferentes partes da provincia: Vigo (4), Mos, Chapela, Vila de Cruces, Ponteareas e Vilagarcía.

Así pois, o IES Alexandre Bóveda chegou a esta final clasificado polo meritorio traballo feito por 10 alumnos/as nos obradoiros previos: 3 persoas do curso de 3º ESO B (Sofía Molinero, Blanca Miguélez e Uxía Prado) e outras 7 do Club de Regueifa (Xiana González, Lucas Franco, Erea Iglesias, Noa Pena, Ángela Iglesias, Eloy Enríquez e Julia Rodríguez), e que participaron nas 10 primeiras quendas do certame.

No evento final celebrado o venres 8 de novembro, tras unhas excepcionais primeiras quendas, o Alexandre Bóveda acadou un fantástico resultado, pois conseguiu meter **4 persoas** entre as 20 semifinalistas: **Sofía Molinero, Uxía Prado, Xiana González e Lucas Franco**; polo que empatou co IES San Tomé no 1º posto do Certame, xa que tamén meteran 4 en semifinais. Finalmente, tras celebrarse a quenda de semifinais e, ao non meter ningún representante na final a4, o Coia 2 quedou cun **meritorio e merecido subcampionato**. Despois da quenda de semifinais o resultado final foi:

1º posto: IES San Tomé de Vigo (4 semifinalistas + 1 finalista)

2º posto: IES Alexandre Bóveda de Vigo (4 semifinalistas)

3º posto: IES Marco do Camballón de Vila de Cruces (3 semifinalistas)

En resumo, foi un día marabilloso no que 10 valentes do noso centro cantaron e improvisaron coplas na nosa lingua ante máis de 500 persoas, unha tarefa nada doada, e que souberon facer dunha maneira excepcional.

Parabéns para todo o alumnado participante e que medre a regueifa no IES Alexandre Bóveda!!





Mocidade ao mando: explorando a Economía e a Empresa

Alumnado de 2º BACH, que cursa a materia de de **Empresa e Deseño de Modelos de Empresa**, participou na 1ª edición do concurso da Universidade de Santiago de Compostela "**Mocidade ao mando: explorando a Economía e a Empresa**"

O vídeo titulado **Sociedades anónimas** é a proposta de **Uxía Dieste Fernández e Ángel Joaquín Gándara Silva**. Mentres, **A precariedade laboral**, é da autoría de **Uxía Ares Prada e Sabela Estévez Faya**.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesalexandreboveda/system/files/Precariedade%20laboral.mp4>

<https://www.edu.xunta.gal/centros/iesalexandreboveda/system/files/sociedades%20an%C3%B3nimas.mp4>

-Samain e Magosto:

-III Certame de microrrelatos de terror “**Quen dixo medo!**”, aberto a todo o alumnado e organizado en tres categorías, con premios en cada unha delas: 1º e 2º da ESO, 3º e 4º da ESO e Bacharelato. (Do 9 de outubro ao 24 de outubro).

**III CONCURSO DE MICRORRELATOS DE TERROR
QUEN DIXO MEDO!!!**

O PRESENTE CONCURSO DE MICRORRELATOS "QUEN DIXO MEDO!!!" TEN COMO OBJECTIVO A DIFUSIÓN CULTURAL E A PROMOCIÓN DA FESTA DO SAMAIN OU NOITE DOS CALACÚS.

1. PODE PRESENTARSE AO CONCURSO CALQUERA ESTUDANTE DO IES ALEXANDRE BÓVEDA.
2. AS PERSOAS PARTICIPANTES DEBERÁN PRESENTAR UN ÚNICO MICRORRELATO ORIXINAL EN LINGUA GALEGA, CUNHA EXTENSIÓN MÁXIMA DE 150 PALABRAS, EN ARIAL 14 A DOBRE ESPAZO.
3. OS TRABALLOS IRÁN ASINADOS CON PSEUDÓNIMO, ESCRITO NA MARXE SUPERIOR DO FOLIO, Á ESQUERDA OU Á DEREITA.
4. A TEMÁTICA VERSARÁ SOBRE O MEDO E AQUILO QUE O PRODUCE, ASÍ QUE OS TRABALLOS DEBEN PERTENCER AO XÉNERO DE TERROR, MISTERIO OU THRILLER.
5. O PRAZO DE ADMISIÓN DOS MICRORRELATOS SERÁ DO 9 DE OUTUBRO AO 24 DE OUTUBRO DE 2024.
6. TES QUE DEPOSITAR O MICRORRELATO EN DÚAS CAIXAS QUE ESTARÁN HABILITADAS PARA TAL FIN NO MOSTRADOR DA BIBLIOTECA.
 - NUNHA DAS CAIXAS TERÁS QUE INTRODUCIR O FOLIO DO MICRORRELATO DOBRADO.
 - NA OUTRA CAIXA TERÁS QUE INTRODUCIR UNHA TÁRGETA COS TEUS DATOS. ESA TÁRGETA ESTARÁ SITUADA AO LADO DA CAIXA DA BIBLIOTECA E TERÁS QUE COMPLETAR OS SEGUINTE DATOS: TÍTULO DO MICRORRELATO, O TEU PSEUDÓNIMO, O TEU NOME E APELLIDOS E O CURSO AO QUE PERTENCES.
7. HABERÁ TRES CATEGORÍAS: ESO1 (1º E 2º), ESO2 (3º E 4º), E BACHARELATO.
8. CONCEDERASE UN PREMIO POR CATEGORÍA E, SE O MEDO NOS DEIXA, HABERÁ AGASALLO(S).

ANÍMATE E PARTICIPA!!!
IES ALEXANDRE BÓVEDA



A entrega de premios realizouse o venres 8 de novembro coa axuda da docente Judit Alonso e do alumnado de 1ºBAC do EDLG.

Premiados:

-Na 1ª categoría:

Gañador: **Eloy Enríquez Rodríguez** polo seu relato “O parque encantado”

Premio especial do xurado: **Vera López Rodríguez** polo seu relato “Aquel día”

-Na 2ª categoría:

Gañadora: **Nerea Toledo Robertt** polo seu relato “As badaladas”

-Na 3ª categoría:

Gañadora: **Ana Redondo Lorenzo** polo seu relato “Valente”

Premio especial do xurado: **Adriana Marrufo Samillán** polo seu relato “A chamada final”

MOITAS GRAZAS POR PARTICIPAR E NORABOIA A TODO O ALUMNADO PREMIADO!!





-II Concurso de decoración de portas “As portas do inferno”, con motivos relacionados co Samaín e o Magosto, aberto a todos os niveis da ESO. (Do 9 de outubro ao 25 de outubro).



A entrega de premios realizouse o venres 8 de novembro coa axuda da docente Judit Alonso e o alumnado de 1ºBAC do EDLG.

Premiados:

Clase Gañadora: **3ºESO-A**

Premio especial do xurado: **2ºESO-E**

Clase Gañadora: **3°ESO-A**



Premio especial do xurado: **2°ESO-E**



MOITAS GRAZAS POR PARTICIPAR E NORABOIA A TODO O ALUMNADO !!

-III Concurso de tarxetas de Nadal. A partir do 11 de novembro para todo o alumnado do centro.

III Concurso de Tarxetas de Nadal

TEMÁTICA E CRITERIOS

1. A tarxeta de Nadal debe incluír **OBRIGATORIAMENTE**:
 - algún **elemento característico do barrio de Cola** representado cun **DEBUXO** ou con outro tipo de **IMAXE** (fotografía, colaxe...), mais algo **ORIXINAL**, sen previa publicación nin difusión.
 - o lema **"Bo Nadal"**, incorporado na imaxe ou debuxo.
2. A dimensión da obra será como máximo un **DIN A6** (105 x 148 mm), isto é, a metade de medio folio.

ENTREGA DE TARXETAS DE NADAL

1. A tarxeta será depositada nunha caixa que haberá na **BIBLIOTECA** para tal fin.
2. Na **parte de atrás da tarxeta** terán que figurar os seguintes datos da persoa participante:
Nome e apellidos
Curso e grupo
3. **Data límite de entrega: 28/11/2024, ás 14.15 h.**

EXPOSICIÓN DAS TARXETAS E VOTACIÓN

1. As tarxetas recibidas estarán expostas, por **CATEGORÍAS**, na entrada do IES a partir do día **2 de decembro**.
2. Cada unha estará identificada cun número, que será o que escribamos no noso voto. Debemos votar unha tarxeta por cada categoría, é dicir, podemos votar ata **TRES** tarxetas, unha por categoría.
3. O **voto do alumnado** depositarase nunha caixa que estará situada na **biblioteca**. Tamén será posible realizar a votación nas sesións de Lingua Galega e Literatura ou na de Titoría **entre os días 3 e 10 de decembro**. Haberá que cubrir unha tarxeta que se lle entregará ao alumnado que queira participar. Nesa tarxeta marcarase o número que identifica as tarxetas escollidas.
4. A tarxeta que voteades debe cumprir os criterios especificados. Tamén se valorará especialmente a **creatividade** e a **orixinalidade** do traballo.
5. Poderá votar calquera persoa que pertenza á comunidade educativa. Para o profesorado e PAS, a caixa estará na sala de profesorado.

ELECCIÓN DA PERSOA GAÑADORA

1. As tarxetas gañadoras en cada unha das categorías serán anunciadas antes do **20 de decembro ás 13.00 h.**
2. As tarxetas gañadoras serán publicadas na páxina web do instituto e, se for posible, tamén serán distribuídas por algún dos establecementos do barrio.
3. A tarxeta que reciba máis votos de todas as categorías será a escollida para felicitar o Nadal desde o IES Alexandre Bóveda.



-Actividades “O son da Noca”. (páxina web do centro)

Volve O Son da Noca, a radio do IES Alexandre Bóveda!

Nesta semana do Día Internacional do Patrimonio (16 novembro), a radio do IES Alexandre Bóveda, O Son da Noca, vén de publicar tres podcasts para conmemorar esta data tan especial.

Descubriendo o Lagares (14/11/2024)

Xa está no aire "Descubriendo o Lagares", o novo podcast do Son da Noca. Desta volta, o alumnado de 1º ESO C preséntanos un episodio centrado no coñecemento e posta en valor do patrimonio natural e cultural do río Lagares, principal curso de auga doce do Concello de Vigo; co que están traballando nesta avaliación da materia de Proxecto Competencial.

<https://go.ivoox.com/rf/135912187>

A casa do Alemparte 2: O Samaín en Galicia: Entrevistas con Rafa Quintía e Lidia Mariño (11/11/2024)

Desta volta, o alumnado de 1º BACH presenta e dirixe un programa centrado na data do Samaín ou Defuntos, que vén cheo de contidos, coma entrevistas con Rafa Quintía e Lidia Mariño, sección de música, lectura de microrrelatos de medo ou mesmo un "Dígocho Coia" especial Samaín.

<https://go.ivoox.com/rf/135812750>

O Titre: Tres pezas curtas de 3º ESO B (13/11/24)

Xa subiu o pano "O Titre", o podcast de teatro radiofónico do Son da Noca. Nesta ocasión, o alumnado de 3º ESO B tráenos tres obriñas curtas preparadas nas clases da materia de Proxecto Competencial, na que están traballando coa arte dramática nesta 1ª avaliación.

<https://go.ivoox.com/rf/135924676>

E que medre a radio na escola! Desde Coia, para o mundo!
E Feliz Día Internacional do Patrimonio!!